



PROCESO ORDINARIO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO CURSO 2024/2025

Normativa reguladora do procedemento:

- Decreto 13/2022, do 3 de febreiro (DOG 11/02/2022)
- Orde do 21 de outubro de 2022 (DOG 08/11/2022)
- Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o desenvolvemento do proceso de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2024-2025.

ALUMNADO DE NOVO INGRESO. Calendario de actuacións

27 de febreiro	Sorteo público anual para resolver os empates no procedemento de admisión de alumnado. (artigo 34 da Orde do 21 de outubro de 2022)
Antes do 1 de marzo	Publicación das vacantes do centro.
Do 1 ao 20 de marzo, ambos incluídos	Prazo de presentación de solicitudes de admisión, preferiblemente por vía electrónica mediante a aplicación informática <i>AdmisionAlumnado</i> https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado ou presencialmente no centro docente elixido como primeira opción (formulario ED550B, Anexos II e II-bis). (art. 26 e 27.2)
21 de marzo	Listado de solicitudes admitidas ou pendentas de baremar.
Do 21 de marzo ao 5 de abril	Cando os postos escolares dispoñibles en admisión non sexan suficientes presentación da documentación acreditativa dos criterios do baremo (prazo:10 días). Esta presentación ten carácter voluntario e se fará presencialmente no centro docente (art. 30.2)
25 de abril	Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos. Reclamacións: 5 días hábiles a contar a partir do día seguinte o da súa publicación (26 abril-3 maio). (art. 35.1, 2 e 3)
15 de maio	Publicación das listaxes definitivas. (art. 35.4)
Do 16 de maio ao 16 de xuño	Impugnación das listaxes definitivas: recurso de alzada ante a persoa titular da Xefatura Territorial (a resolución da XT porá fin á vía administrativa). (art. 36.1 e 3)
Do 20 ao 30 de xuño	Prazo para a formalización da matrícula no centro docente onde obtivo praza o alumno/a. (art. 41.1.a)



INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Teléfonos e correos de interese:

CEIP Ramón M ^a del Valle-Inclán	881 960 324	ceip.valle.inclan.oleiros@edu.xunta.gal
ANPA Valle-Inclán	616 135 634	valleinclananpa@gmail.com
Concello de Oleiros	981 610 000	

Horario de Secretaría: luns de 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 18:00 horas;
de martes a venres de 9:00 a 14:00 horas.

Na páxina web <http://centros.edu.xunta.gal/ceipvalleinclanoleiros> poden ver toda a información sobre o centro: localización, instalacións, dependencias, organización, xornada escolar, calendario escolar, realizar un *tour virtual*, etc. No bloque “**Secretaría / Matrícula**” teñen toda a información relacionada coa matrícula, que se irá actualizando segundo se vaian abrindo procesos e prazos.

Comedor escolar, actividades extraescolares e servizo de mañanceiros:

estes servizos están xestionados pola ANPA. Horario de atención: de 13:00 a 18:00
Máis información na páxina web <http://www.apavalleinclan.es>

Transporte escolar

O funcionamento deste servizo, que é gratuito, está regulado polas instrucións anuais que dita a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades.

Poden consultar esta información na páxina web do centro no bloque dedicado a Servizos: “**Servizos / Transporte**” (rutas, paradas, solicitudes, autorizacións,...).

Criterio complementario de puntuación

O Consello Escolar do CEIP Ramón M^a del Valle-Inclán, ao abeiro do disposto no Decreto 13/2022, de 3 de febreiro e na Orde de 21 de outubro de 2022 acorda en sesión ordinaria celebrada o 25 de outubro de 2023:

“A valoración de 1 punto para os nenos e nenas que na súa solicitude escollan só centros de ensino público”



Centro de Educación Secundaria ao que estamos adscritos:

IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas (Rúa Xosé Neira Vilas nº 3, 15172 Oleiros)

PARA CUBRIR AS SOLICITUDES

O **procedemento de admisión ordinaria** comprende a tramitación das solicitudes de admisión (formulario ED550B) presentadas en prazo. Este procedemento conclúe coa publicación da listaxe definitiva de alumnado admitido e non admitido ou, de ser o caso, coa escolarización do alumnado conforme a proposta de adjudicación subsidiaria de postos escolares que efectúe a respectiva comisión de escolarización.

A solicitude de admisión é **única** para cada alumno/a, ten carácter **vinculante** e a súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.

A solicitude dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar (dos 6 que se poden pedir por orde de preferencia, e que non é posible modificar unha vez presentada), e se alegarán os criterios de admisión que se pretenda que se lle valoren.

A Orde do 21 de outubro de 2022 enumera os criterios de admisión (artigo 13), delimita o concepto de cada un (art. 14-25) e a forma de acreditarlos cando sexa necesario (documentación en papel e comprobación de datos por vía electrónica). (artigos 31 e 32).

A existencia dunha solicitude presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior poderá ser causa de **perda do dereito** a participar no procedemento. (artigo 8).

As solicitudes deberán estar **asinadas** pola persoa solicitante (proxenitor/a, titor/a ou acolledor/a do alumno/a). Ademais deberá constar o **consentimento expreso** da outra persoa proxenitora, titora ou acolledora no Anexo II-bis (formulario ED550B), de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acolledora.

A solicitude deberá vir acompañada da **documentación** que lle requira o centro:

- copia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.
- certificado de convivencia dos membros computables da unidade familiar, que deberá indicar a data de alta e estar expedido no ano natural anterior ao inicio do prazo de presentación de solicitudes.
- sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor (en caso de separación ou divorcio).



- calquera outra documentación de relevancia para o procedemento.

Para tramitar o procedemento de admisión **consultaranse automaticamente** os datos incluídos nos seguintes documentos (agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta, tendo que entregar copia desa documentación):

- DNI ou NIE da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar (ou da persoa representante).
- declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) ou certificado tributario de imputacións do exercicio fiscal anterior en dous anos ao natural de presentación da solicitude (ano 2022).
- título de familia numerosa.
- certificado de discapacidade da persoa solicitante ou membro computable da unidade familiar expedido pola Administración autonómica.
- percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade por parte da persoa solicitante ou membro computable da unidade familiar.

Para os efectos da valoración da **renda per cápita da unidade familiar** (artigo 16): se marcará na solicitude a casiña correspondente dos criterios de admisión, cando aquela sexa igual ou inferior ao IPREM anual oficial (Indicador público de renda de efectos múltiples), que para o 2022 está fixado en 6.948,24 euros.

A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal anterior en 2 anos ao natural de presentación da solicitude entre o número de membros computables da unidade familiar a data 1 de marzo de 2024.

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas obtidas polos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos de calquera natureza. Cando presenten declaración do IRPF sumaranse a base imponible xeral (casiña 435) e a base imponible do aforro (casiña 460) da declaración do 2022; cando non a presenten, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

Os **formularios normalizados** de solicitude e de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acolledora (**ED550B, Anexos II e II-bis**) estarán accesibles:

- na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>
- no portal educativo no enderezo <http://www.edu.xunta.gal>
- nas dependencias dos centros docentes (na secretaría do CEIP Valle-Inclán)